

### Os océanos

Os océanos son grandes masas de auga salgada. Cobren a maior parte da superficie terrestre. Todos os océanos están comunicados entre si. Distínguense cinco grandes océanos:

- Océano Pacífico: é o máis extenso da Terra.
- Océano Atlántico: é o segundo en extensión. Baña as costas de España.
- Océano Índico: é o que ten as augas máis cálidas.
- Océano Glacial Ártico: ten as augas moi frías.
- Océano Glacial Antártico: ten as augas case conxeladas.

### Os continentes

Os continentes e as illas son as grandes extensións de terra que se levantan por riba dos océanos. Os continentes ocupan unha cuarta parte da superficie do planeta. Son seis:

- Asia. É o continente máis extenso.
- América. É o continente máis longo, esténdese case desde o Polo Norte ao Polo Sur.
- África. É o continente máis cálido.
- Europa. É o continente en que se encontra España.
- Oceanía. É o menor dos continentes e ten moitas illas.
- Antártida. Está cuberto por xeos. Está deshabitado.

### A orientación

Os puntos cardinais son as direccións que utilizamos para orientarnos.

Son catro: norte (N), sur (S), leste (L) e oeste (O).

Para poder orientarse nun lugar, hai que localizar polo menos un dos puntos cardinais.

O Sol axúdanos a saber onde están, xa que sempre sae polo leste e ocúltase ao anoitecer polo oeste.

### Os aparellos para orientarnos

- O compás: é un aparello de forma circular. Parece un reloxo, pero en lugar de números ten as iniciais de cada un dos puntos cardinais. Ten unha agulla que xira e sinala o norte.
- GPS: É un aparello electrónico que ten un mapa na súa pantalla. Indica no mapa o lugar exacto onde nos encontramos.

1- Cales son os catro puntos cardinais?



2- Sitúa no mapa os océanos e os continentes.

